

EL PROGRESO

MIRADORES DA LAGOA

ESCOLA
dEPrensa



DARÍO XOHÁN CABANA, ESCRITOR NACIDO EN COSPEITO

"Descubrí que a miña lingua tiña tamén unha literatura á que eu quixen contribuir por conciencia galeguista"

Experiencias en escolas de outros países que axudan a mellorar

REPORTAXE

O leite, producido e elaborado en Galicia ›14-15

- Matt Caskey: de EEUU, auxiliar de conversa en Cospeito
- María José López Paz: gracias ao programa Piale, en Canadá ›17-18

A Torre de Vilaxoán en estado de semiabandono

Este testigo da nosa historia merecería un mellor coidado ›6-7

COSPEITO O CPI PLURILINGÜE VIRXE DO MONTE, A PESAR DA SÚA CURTA HISTORIA, EXPERIMENTOU BASTANTES CAMBIOS ›4-5

LUGO UNHA NOVA PRAGA DIFICULTA O CULTIVO DA PATACA: ALGUNHAS ZONAS DE LUGO TÉÑENO PROHIBIDO ›12

MUNDO O SEU TRABALLO LÉVAO A VIAXAR A OUTROS PAÍSES E VIVIR LONGAS TEMPADAS LONXE DA CASA ›16

ECONOMÍA EN COSPEITO, UNHA GRAN EMPRESA ENVASA AUGA QUE MANA DAS NOSAS TERRAS ›20

VIVIR LUIS TOSAR, CONVERTEUSE NUN DOS MELLORES ACTORES DO CINE ESPAÑOL ›24

DEPORTE TUCHO, A IMPORTANCIA DE PERSOAS QUE AXUDAN A NENOS A ENTENDER O DEPORTE COMO UNHA EDUCACIÓN INTEGRAL ›27



Feira do Monte na actualidade. MIRADORES


A Feira do Monte, unha vila que medrou arredor dunha feira ›2-3

Gran éxito de público na Feira da Maquinaria Usada, Artesanía e Antigüidades de Cospeito

Variedade de postos de venta e exhibición permitiron pasar un estupendo día familiar ›9

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico.

LEYMA
natura



A Feira do Monte, unha vila que medrou arredor dunha feira

José Antonio García Hermida é de Goá e só ten 77 anos, pero coñece ben a historia da vila.

MIRADORES/COSPEITO

José Antonio García Hermida naceu en Santa Cristina e estivo varios anos na Feira do Monte, primeiro de aprendiz e despois traballando de carpinteiro con Formeixán. Alí estivo desde os 14 anos ata que marchou para a mili. Grazas á súa memoria podemos contar como xurdiu este lugar.

A historia da Feira do Monte está moi unida á celebración dunha feira. Este feito posibilitou o crecemento dunha vila nun lugar que en realidade está situado nun punto de unión de tres parroquias: Santa Cristina, Sistallo e Vilapene. Nun principio o concello de Cospeito estaba na parroquia do mesmo nome, porque o alcalde era de alí e puxo o concello na súa casa. O nome de Feira do Monte débese a que o lugar onde se empezou a edificar era un monte onde había unhas cantas casas antigas. Co tempo como alí era a feira a xente empezou a edificar e poñer tendas. Antes a feira era cada mes, coma hoxe, o domingo entre o 15 e o 21. Logo pasou a celebrarse a mediados de mes, os mércores. Antes dos anos 50 había unhas cantas casas arredor dun monte. Por onde máis había era onde hoxe está a praza: unhas cuantas casas baixas e incluso de labradores. Estaba a casa do Basilio, que tiña taberna, a Casa do Salustiano, que tiña tenda e funeraria; a Casa do Campos que tiña taberna e o correo; a casa de Doña Concha, onde agora está o Banco Pastor, que era un bar. Máis tarde Casa Gregorio, que era un ultramarinos; Casa Magín, tamén ultramarinos. Foi máis ou menos nesa época cando se trouxo a casa do Concello, situado onde hoxe é a Praza de España. Alí tamén había un calabozo. Este edificio derrubouse despois de facer o que xa existe hoxe.



Primeiras casas de Feira do Monte. C. Nistal Seoane



Festa na ermida da Virxe do Monte. C. Nistal Seoane

Pouco a pouco a xente foi edificando cara a lagoa, no barrio de Fontarrega, ata xuntar por ese lado tamén o pobo.

A feira chegou a ser moi sonada. Duraba todo o día ata a noite. Ían buses de toda a provincia porque había todo tipo de gando. Había tabernas que deixaban que a xente levase o prato de polbo para comer alí, e a ganancia consistía en venderlles o pan e

o viño. Pola tarde había baile e cine e o denominado "paseo". A xente ía polos bares e despois ao cine e aos salóns de baile. Había dous: a Casa do Marcelo e a Casa do Marmelo. Son recordados varios alcaldes, como Daniel de Goá pero un dos alcaldes que máis fixo polo pobo da Feira do Monte foi Jorge Carballeira Fraga, que fixo uns muros de contención ata a capela e a pista que hoxe vai ao colexio. Aínda que a

capela xa existía, era difícil acceder alí. Tamén puxo o cableado do teléfono e a traída da auga. Fixo varias pista que hoxe son rúas e incluso a estrada que comunica a Feira do Monte e Castro.

Todo isto arredor dos anos 60. Neses anos xa había moitas tendas e bares e incluso dúas farmacias, un cine e dúas panaderías.

A lenda da lagoa

MIRADORES/COSPEITO

O pobo de Feira do Monte está moi ligado tamén á lagoa. Existen varias lendas que tentar explicar a orixe da lagoa pero a máis coñecida por todos é a de lenda da Virxe.

Contan que onde está hoxe a lagoa había unha vila chamada Valverde. Un día chegou a esta vila un mendigo (outros din que era a mesma Virxe) pedindo pousada. Pero ninguén lle abría as súas portas en entepoñianno. Xa ás aforas, na ladeira do monte, había unha casinha humilde na que vivían unhas persoas moi pobres. Eles si lle deron acubillo. O mendigo pediulles de comer que estaba famento. Só tiñan unha becerra no cortello, que era o seu único medio de vida. Así e todo decidiron sacrificala para poder dar de comer ao mendigo.

Despois de cear, e antes de ir a dormir, o pordioseiro pediulles unha cousa moi estrana: que tirasen os ósos grandes da becerra nunha das cortes, e os ósos pequenos noutra corte. A pesar de que lles parecía moi raro así o fixeron.

Á mañá seguinte, o limosneiro pediulles leite. Os donos da casa díxeronlle que mataran a única becerra que tiñan. Pero o mendigo insistiu. Foron ás cortes e atoparon no cortello grande unhas cantas vacas, e no cortello pequeno uns cantos becerros.

A vila de Valverde, en castigo pola súa falta de xenerosidade, foi asolagada xurdindo a lagoa que hoxe vemos. Hai xente que di que en épocas de moita seca aínda se poden ver os tellados da vila.

Na vila de Feira do Monte construíuse unha ermida en agradecemento ao milagre sucedido. É a actual Ermida de Nuestra Señora del Monte.



As fotografías axúdannos a comprender mellor a transformación da vila.

CONCHI NISTAL SEOANE (veciña de Feira do Monte e mestra do CPI Plurilingüe Virxe do Monte) facilitounos estes fermosos instantes do pasado.

Nas dúas fotografías superiores vemos dous instantes do mesmo lugar: na década dos 50 e na actualidade. Podemos observar que o edificio do antigo concello (hoxe derrubado) estaba situado en fronte de onde está o actual.



C.P.I. Plurilingüe Virxe do Monte. Historia dun colexio.

Desenmáscase a historia do colexio C.P.I. Plurilingüe Virxe do Monte.



Imaxe actual de CPI Plurilingüe Virxe do Monte

C. CAMPELLO, L. VEIGA /
COSPEITO

No lugar do colexio antes había un campo con castiñeiros, no cal tiña lugar a festa. O colexio construíuse en 1973 con Germán López Arias de primeiro director, e José López como primeiro conserxe. O colexio cambiou en canto a funcionamento e organización. Non houbo sempre o mesmo número de profesores porque non existía párvulos, que funcionaban só nas escolas unitarias, e o método de ensinanza era máis memorístico. A profesora que destacou na historia do colexio foi, entre outros, unha profesora de inglés. Antes había de 35 a 40 alumnos por aula, estaban máis calados e eran máis que agora. Á hora de castigar mandaban copias e castigaban sen recreo, no que os nenos adoitaban xogar ao fútbol e as nenas á corda. Non había patio cuberto nin o mesmo número de clases: había 1º A, 1º B, 1º C... Pero en cambio, sempre houbo servizo de comedor e tamén se conservaronse instalacións



Foto dos alumnos dunha clase de hai varios anos

como o ximnasio e o patio. Ademais, o colexio garda anécdotas; como unha dun neno que se subiu a unha árbore do patio para que non o pillaran e cando outro neno se dispoñía a subir, o de arriba tirouse ao chan e estivo ingresado tres meses; ou cando en entroido uns rapaces por

exceso de alcohol tiveron intoxicación etílica.

Non sempre funcionou ESO (Educación Secundaria Obligatoria), comezou fai uns 20 anos e, na actualidade o colexio está implicado en varios proxectos como por exemplo Plan Proxecta e Abalar.

OPINIÓN

C. CAMPELLO, L. VEIGA

O colexio ten profesionais sumamente cualificados, os profesores, o conserxe, as cociñeiras..., unha boa distribución; tanto horaria con respecto a clases como alimentaria. Hai un tempo de ocio algo recortado para a miña opinión, pero cos profesores e no tempo da comida tamén se pasa ben; polo tanto poderíase dicir que todo está perfectamente

materias, salvo o idioma estranxeiro porque non había. Cada día tiñan un recreo de 30 minutos, cando non se quedaban facendo copias, no que non lles daban un almorzo a media mañá; porque non había servizo de comedor e polo que tiñan que ir comer á casa de seus pais, e donde tampouco tiñan patio e había unha finca cerca na que saían a xogar.

De vez en cando os nenos quedábanse na casa a axudar a seus pais, tíos, avós... faltando todo o día, sen ir ao colexio.

ESCOLAS UNITARIAS

Nas escolas unitarias, que adoitaban comezar ás 9.00 a. m. e rematar ás 5.00 p. m., normalmente só había un profesor que daba clase a todos os alumnos de todos os cursos e que ensinaba todas as



Escolas unitarias.

C.CAMPELLO,
L.VEIGA.

Unha escola unitaria, ou colexio unitario é unha escola con un número reducido de alumnado, onde un ou dous profesores atenden e ensinan a alumnos de diversas idades e cursos, desde Educación Infantil ata Primaria, na que nenos e nenas poden convivir. Normalmente as escolas encóntranse en pobos ou zonas rurais.

O traballo polo xeral está dirixido por un ou dous mestres con motivo de orientar as asignaturas todas a un pequeno grupo de estudantes. No sentido das agullas do reloxo vemos: Santalla de Sisoi, Támoga, Xermar e Santalla de Rioaveso.





Torre de Vilaxoán. L. Hermida e S. Pena

A Torre de Vilaxoán na época medieval e os seus habitantes

Nesta viaxe a Torre de Vilaxoán aínda podemos ver as engrobas (trincheiras e foso), case que podíamos imaxinar as tropas dos Reis Católicos esperando a morte do noble e do seu exército alí refuxiados para poder adueñarse da Torre, fortaleza inexpugnable naqueles tempos, un dos últimos bastións dos nobres do reino de Galicia. Sen embargo hoxe non é mais que unha ruína con xestas, silvas e piñeiros o arredor; o seu estado é de abandono total.

L. HERMIDA, S. PENA

A Torre de Vilaxoán, coñecida como Torre de Caldaloba, son os restos dunha antiga fortaleza de orixe medieval. Atópase no lugar de A Rabadá, parroquia de San Martiño de Pino.

Constan os primeiros datos no século XV, aínda que hai documentos que din que xa existía antes deste século.

Está situado sobre un antigo castro. Ten forma cadrada, catro pisos con sótano, impresionantes murallas e catro fosos.

Pertenceu ao Mariscal Pardo de Cela; trala súa decapitación herdouna a súa filla Constanza Pardo de Cela, que xunto co seu marido Fernán Ares

resistiron o asedio por parte do comendador López de Haro. Secos os mananciais que abastecían o castelo, tiveron que beber da auga contaminada dun alxibe. Dona Constanza morreu e o seu marido salvou a vida, pero como condena tivo que ir ao fronte da Reconquista.

A torre quedou desmantelada e nunca se rehabilitou, vendeuse a pedra dos escombros. E na actualidade só se conserva a Torre de Homenaxe do antigo castelo, rodeada dos catro fosos cubertos de vexetación.

Atópase en estado de ruína.

Hai unha lenda que afirma que existe un túnel dende a Torre ata o Pazo de Caldaloba.

A VIDA DOS HABITANTES NA ÉPOCA MEDIEVAL EN GALICIA

Como vestían?:

A maioría da roupa era fiada, cortada e cosida polas mulleres da familia

O liño era utilizado fundamentalmente polos pobres. Abundaban as cores naturais das teas, gris e marrón (hai representacións de vestimenta celeste e verde). Xeralmente son representados con camisolas de diversos longos de manga pero con un

longo non superior á terminación da cadeira. Xeralmente os rexistros falan de que o longo da túnica alcanzaba os xeonllos para os homes.

Dentro das mencións cristiás encóntrase a vestimenta establecida para o duelo (negra ou branca).

Crese que durante o inverno calzaban zocos de madeira, e durante o verán permanecían descalzos.

Respecto á roupa de traballo son abundantes as mencións de delantais e calzóns de peles baratas (coello e ovella) para o inverno, tamén gorros e sombreiros.

A seda era o tecido que empregaban nesta época os

máis poderosos, engarzada e bordada con ouro, a miúdo con forros de peles exóticas, incluíndo raras importacións de África ou do medio oriente.

Fíxose común para as mulleres o uso de saias de forma cadrada, con un buraco na cintura e catro picos no extremo inferior. Dominaban as liñas rectas e as mangas axustadas. Cubrían as súas cabezas con cofias ou tocados, suxeitas con cintas que se ataban debaixo do queixo. Protexíanse do frío con mantas ou capas. Tamén, ao igual que os homes, usaban pellotes (uns traxes amplos que empregaban encima das saias). Non usaban calzas xa que as pernas non se cubrían.



Polo que respecta aos relixosos para as grandes ocasións, os obispos usaban a mitra a toca alta punteaguda, o báculo pastoral (bastón); a capa, e a dalmática, túnica aberta polos dous lados, en moitas ocasións finalmente adornada, con fíos de ouro e prata.

En canto ao calzado, todas as persoas usaban unha especie de zapatillas abertas fabricadas con coiro, de cabra para as clases máis adineradas, ou de vaca para a común da poboación. A veces, os homes levaban botas.

Polo que respecta ao pelo, as mulleres casadas levábano cuberto cunha cofía, pero por baixo escondíanse cabelos largos e rizados. sen embargo as rapazas podían levar o pelo solto. Os homes maiores deixaban a barba en sinal de dignidade e sabiduría.

Afeitábanse a fronte é deixaban qué o pelo longo e rizado caera polas súas espalda. Este peinado era coñecido como o peinado de viruta polo seu parecido ás virutas de madeira recién cortadas. En cambio os rapaces iban afeitados e co pelo corto. Os clérigos realizaban a tonsura.

Como eran as casas?: As casas da xente modesta eran pequenas e tiñan unha soa planta con moi poucas estanzas e unha terraza no tellado. As vivendas das persoas ricas tiñan dúas plantas. O piso inferior é o lugar onde se recibían as visitas e constaba dun patio inferior e varias estancias. O piso superior estaba destinado as habitacións da familia.

O mobiliario era escaso. Para durmir usaban colchóns que

enrolaban durante o día. Non tiñan armarios: a roupa gardábase en baules e os utensilios de cociña nos ocos nos muros.

Que comían?:

Bebidas: os tipos de bebidas máis importantes eran o viño, a cerveza e a sidra.

Pan: o pan era un elemento fundamental na alimentación das persoas na Idade Media, elaborado con fariña (mezcla de trigo e centeo).

Vexetais: outro elemento fundamental eran os vexetais, entre os que se encontraban os frutos secos como figos, nocos, piñóns e pasas. As froitas dependían das estacións; as máis utilizadas eran mazás e uvas. Os legumes consumíanse en todos os estamentos, sobre todo o arroz. As cebolas, allos, cenorias, etc utilizábanse sempre, sobre todo na

elaboración de sopas ou salsas e na nobleza facíanse para a condimentación da carne.

Peixe: o peixe era moi utilizado nos pobos costeiros ou fluviais, e sobre todo, era considerado un alimento propio dos plebeios, moi poucas veces o comían os nobles.

Carne: a carne máis consumida eran as aves de corral e as aves que se cazaban. Entre os nobles cazábanse grandes cantidades de porco e cordeiro, xa que a tenreira era menos abundante. Os animais de traballo (cabalos, burros, bueis, etc) en épocas de carencia alimenticia eran sacrificados. A carne cociñábase fervéndoa ou asándoa e condimentándoa con moita salsa. A carne como o cervo é o xabarín era reservada só para á nobleza, este tipo de carne conservábase

ou en embutido ou en escabeche. Igualmente pasaba o mesmo co pavo real, que foi considerada a carne máis exquisita, a cal comían reis e emperadores.

Espicias: as especias máis utilizadas entre a nobleza foron a noz moscada, a canela, a mostaza, o cravo, o xenxibre e o azafrán, todas elas transportadas desde Oriente; as clases máis humildes utilizaban as especias aromáticas como orégano, albahaca, perexil, etc. Sen embargo, as máis utilizadas tanto por pobres como por ricos, foi a pementa; en épocas de crisis chegou a servir de moeda.

Pasta: a partir do século XIII, a pasta empezou a extenderse por Europa, traída desde China.


Queremos adxuntar ó noso proxecto, as páxinas do libro de donde sacamos moita información. Chama a atención o castelán antigo xa que é unha lingua que nunca vimos ningún. Parece unha mezcla de castelán e galego. Esta parte está escrita polo historiador Vasco da Ponte, nado en 1470 e finado en 1535.

Susana Pena Ferreiro
Laura Hermida Maseda



Fronte principal del castillo (estado actual)

hacienda en tercias, y Diego de Andrade luego le dió su parte, y lo remedió, y el Rey le aseguró la vida, porque le sirvió en lo de Málaga, mas nunca le quiso ver, y fuese para el Obispo de Oviedo, y después se vino a Castilla y habló con el Conde de Altamira D. Rodrigo Osorio de Moscoso, al cual dexó por cumplidor a su fallecimiento y le encomendó a su hija, y el Conde porque ella fuese entregada en toda la facienda de su padre, le trató casamien-



Casa señorial de Caldaloba

D. Rodrigo estuvo casado con D.^a Isabel Ladrón de Guevara, descendiente de la casa noble de Guevara. El vínculo y mayorazgo se agregó a los fundados por los antecesores de D. Rodrigo, que fueron: su abuelo D. Rui Díaz Sanjurjo y Montenegro, (1) que casado con D.^a Teresa Fernández de Camba, de la casa y coto de Moreda, ambos de los nobles calificados del Reino, y sus padres D. Gregorio Díaz Sanjurjo y Montenegro y D.^a Isabel González de Taboada, de la casa de San Miguel de Pente. Entre los distintos legajos que se conservan en el archivo de la casa solariega de Caldaloba, hábilmente ordenado y colocado

(1) En testamento otorgado el año 1575 ante Lope Capón, avienta el lugar de Caldaloba y otros bienes, con la venación de una niña casada y dos criadas el día de San Juan, o en su octava, en la iglesia de Villalba. - Leones. Santa ob. cit., nota, pag. 85.



IMAXE DE SIXPAC-XUNTA

VISITANDO O CASTELO DE VILAXOÁN

/ L. HERMIDA, S. PENA

Aínda que é coñecida pola maioría como a Torre de Caldaloba, os veciños prefiren utilizalo nome de Castelo de Vilaxoán. Nas fotografías é evidente o estado de abandono no que se atopa este monumento, tanto a edificación en sí como o entorno. Chegar aos seus pés non resulta moi sinxelo. Case non son visibles os fosos que inicialmente rodeaban a fortificación.

Fotografías de Susana Pena





2017/04/27 02:36



2017/04/27

GRAN ÉXITO DA FEIRA DA MAQUINARIA, ARTESANÍA E ANTIGÜIDADES EN COSPEITO

Como todos os anos esta feira contou con un gran número de participantes, e ata aquí acercáronse numerosas persoas que gozaron duns días estupendos en familia. Mágoa a chuvia do domingo que fixo rematar antes do previsto a festa.

MIRADORES

Os días 29 e 30 de abril, celebrouse en Feira do Monte a XXVIII Feira de Maquinaria Usada e Artesanía y la XII Feira de Antigüidades de Cospeito. Foi inaugurada polo subdelegado do goberno, Ramón Carballo. Na sección de maquinaria poidemos ver moitos tractores, motoserras, cortacéspedes, segadoras, etc. En artesanía había cadros, xerras de cerámica, cousas feitas de la, cestas de palla, xoias, cañas, escudos de equipos como do CD Lugo, doces, velas aromáticas, barcos en botella, ...

No apartado de antigüidades puidemos ver máquinas de coser, coches antigos, teléfonos, moedas, unha fonte moi artística, espadas abrecartas, chapas e pins, latas de Coca Cola, vasos, pedras preciosas, canicas, discos antigos, tocadiscos, lámpadas,

cerámica; mobles como camas, cadeiras, mesas, armarios...; instrumentos antigos: gaitas, trompetas, acordeóns, Outra cousa curiosa eran as máquinas lanzapelotas de tenis.

Como en todas as feiras houbo postos de roupa, comida, xoguets (como ballestas de madeira que lanzaban gomas), motos e quads, froita, paraugas; houbo polbo e churrasco, churros, granizados e xeados, plátanos fritos... Vendían artilluxios para xardinería, cociña (coitelos, tenedores, ...)

Tamén había atraccións para os máis pequenos (hinchables, xogo do gancho, ...)

Houbo moita xente, máis o sábado que o domingo, porque o domingo choveu e tiveron que recoller os postos.

Foi unha festa moi divertida, unha oportunidade moi boa para pasala en familia e que os máis pequenos a disfrutaran.



2017/04/27 02:35



2017/04/27 02:35



MIRADORES DA LAGOA

O periódico dos nenos/as de 5º de primaria do CPI Plurilingüe Virxe do Monte

REDACTORES:

ANIDO BLANCO, DIEGO
CAMPELLO CURRÁS, CARLA
CASTRO JURJO, IRIA
FERNÁNDEZ RUS, DIEGO
GÓMEZ CURRÁS, SANDRA
HERMIDA MASEDA, LAURA
MIGUÉLEZ PALACIOS, YAGO
MOURIZ COMENDEIRO, PAULA
PENA FERREIRO, SUSANA
PICO GARABANA, ANTÓN
PRADO ARNOSO, ENRIQUE
PUENTE ALVARIÑO, NURIA
REBOREDO TRINDADE, DAVID
VEIGA DÍAZ, ÁLVARO
VEIGA REGO, LUIS
VIGO HOZ, EVA
YÁÑEZ RIBEIRO, ZAHIRA

NOVOS PERIODISTAS MIRADORES

O diario El Progreso de Lugo propuxo aos centros educativos de Lugo, participar nun concurso que consiste na elaboración dun periódico.

Nós optamos por crear un periódico similar aos reais, intentando recrear as distintas seccións pero centrándonos en Cospeito. O nome do grupo que elaborou o periódico é Miradores da Lagoa, porque o noso centro, pola súa situación, é un verdadeiro mirador da lagoa.

Para levalo a cabo, distribuimos o traballo en grupos, encargándose cada un de redactar un artigo distinto. Antes e despois de facelo, poñíamolo en común para opinar sobre el e dar ideas para melloralo. Algúns reportaxes foron realixados colaborando todo o grupo-clase.

A clase en conxunto, opinamos que é un traballo interesante que nos permite aprender a traballar en equipo,

O MALTRATO ANIMAL

ZAHIRA YAÑEZ E NURIA PUENTE.

O maltrato animal é o comportamento que causa dolor innecesario ou estrés animal. Pode ser por non darlles os cuidados básicos ou por matalos de forma voluntaria.


As persoas que maltratan os animais non teñen o coñecemento de que están facendo dano a animais. Queremos que non maltraten a máis animais porque eles tamén son seres vivos e non nos gusta velos sufrir. Debería ser todo máis xusto.

FÚTBOL AGRESIVO

DIEGO FERNÁNDEZ

A agresión no fútbol paréceme mal porque acaban persoas feridas. Todo empeza coas trampas ou faltas que provocan os xogadores, empezan a pelexarse e os pais actúan. Cada vez se repiten máis as

agresións, e cada vez son máis fortes, e cada vez saen máis persoas feridas. E daquela poden chegar a morrer persoas. E tamén poden saír adolescentes feridos.



Iria Castro Jurjo

coñecernos e levarnos mellor.

Tamén nos ofrece a posibilidade de coñecer mellor o noso concello e a vida de persoas relevantes.

Puidemos poñernos na pel dun redactor de verdade e dar importancia ao seu traballo. Comprobamos a dificultade que supón buscar

información e poder discriminar as fontes das que nos podemos fiar.

Supuxo para nós un grande esforzo, pero agora que xa está rematado, danos ledicia o resultado e estamos orgullosos do que fixemos.



As T.I.C. necesarias, pero sen abusar.

A sociedade está impregnada das novas tecnoloxías como ordenadores e móbiles intelixentes. As aulas na actualidade están bastante modernizadas.

Na nosa clase proporciónase un ordenador por alumno, dado que o centro participa no Proxecto Abalar e aínda que se empreguen as T.I.C. non está permitido o uso de teléfonos fixos.

Opinamos que se deberían modernizar máis a clases e as escolas en canto ao uso de libros electrónicos, deberes que se fixeran en Pen-Drive e ao día seguinte correxilos no ordenador.

Tampouco opinamos que haxa que desfacerse dos libros, pero unha renovación en canto a tecnoloxía sería na nosa opinión necesaria.

O ACOSO ESCOLAR

Estase a falar moito ultimamente do acoso escolar. É un problema que preocupa a todo o mundo: mestres, pais, nenos, institucións, ... a sociedade en xeral. Estanse a tomar medidas para intentar previr, adiantarse antes de que apareza. Entre esas medidas están as charlas que se dan en moitos colexios. Ao noso centro acudiu un membro da Garda Civil experto en estos temas que nos deu uns cantos consellos. Despois de escoitalo temos todos unha idea máis clara para poder identificalo e resolvelo.

L. VEIGA

O acoso é o maltrato continuo e deliberado que un neno ou adolescente recibe doutro co obxectivo de asustar, maltratar ou dominar. O acoso escolar (ou "bullying") ten unha vítima, un agresor e frecuentemente un testigo. O agresor emprega burlas, ameazas, intimidacións, insulta, ...para asustar á vítima e tamén para que non o conte. O "bullying" pode ser físico

(patadas, puñetazos, golpes), psicolóxico (intimidacións, ameazas), verbal (insultos, burlas) e social (rechazo).

Os testigos pasivos con frecuencia están sempre presentes. Aportan falta de apoio, de axuda e terminan por ter temor a intervir, unha perda progresiva da sensibilidade do tema de agresión e maltrato e unha sensación de desprotección ou indefensión parecida á que sofre o neno agredido. Isto

causa que a vítima se sinta, ademais de indefensa e agredida, rechazada polos seus compañeiros.

Dentro do acoso escolar está o ciberacoso ou "ciberbullying", que consiste en acoso a través de internet, das novas tecnoloxías e de redes sociais. Cando se da un caso así os pasos a seguir son: non responder ante el, gardar as mensaxes, bloquear a persoa, e, en caso de gravidade, contalo, denunciar e antes de

facelo sacar unha captura de pantalla, por se se borra ou el o borra.

Contra o acoso, aparte de buscar probas, a mellor forma de afrontalo é: mantendo a calma e ignorando ao acosador; de ningunha maneira responder igual e ser amable; e en caso de que non funcione, o mellor sería marcharse do lugar (que non é unha covardía, senón un acto intelixente) e contándollo a un adulto.



O colexio pódelle ofrecer primaria e secundaria , nun mesmo colexio. Os seus fillos ao pasar para a E.S.O non terán que cambiar de centro . Primaria e secundaria entrarán e sairán a mesma hora . Todo para a vosa comodidade .

A couza, unha ameaza para todo labrego

Detectouse unha praga en Galicia que impide plantar patacas en varias zonas.

IRIA CASTRO

A couza é unha praga de insectos que infecta ás plantas de patacas poñendo ovos dos que saen vermes que se alimentan delas, facendo que apodrezan e non valgan para consumir ou vender.

Esta praga non existía en Galicia, había outras como o escarabello da pataca ou a avenida. A couza é orixinaria de América do Sur, que é de donde ven o cultivo de patacas. Probablemente contaxioua a Europa coa importación de patacas de semente ou de consumo. Esta praga xa fora avistada o ano pasado, pero non se tomaron medidas ata este ano.

Primeiro empezou en cultivos nas Illas Canarias, e de ahí, pasou para a Península. Agora está presente en zonas próximas á costa de Galicia, Asturias e pode que en outras zonas do Norte de España. É importante controlar a praga para que non se extenda máis porque produce moitas perdas

económicas aos labregos que cultivan patacas e ás familias que as teñen para autoconsumo. Para iso prohibíuse sementar patacas nos concellos onde se detectou couza e máis nunha franxa de seguridade ao redor. As patacas que xa estaban sementadas houbo que arrincalas e destruílas. Máis adiante comprobarase se con estas medidas se controla a praga ou hai que prohibir o cultivo da pataca en máis zonas.

A couza non enferma ás persoas ou animais que consuman patacas infectadas, pero estas teñen moi mala pinta e apodrecen moito. A xente non está moi contenta por non poder cultivar patacas ou ter que arrincalas, pero, é unha praga que é importante controlar e eliminar. Outras cousas que se fan para loitar contra a couza son empregar insecticidas, colocar trampas e manter ben controlados os almacéns de patacas.



Pataca afectada

COMO AFECTA A COUZA ÁS FAMILIAS.

Hai moitas familias que teñen

patacas para autoconsumo, e a couza perxudica moito á plantación en moitas zonas, xa que a exterminación deste insecto é urxente e hai moi poucas maneiras de rematar con ela, e unha de elas é prohibir plantala en varias zonas de Galicia. Isto provoca que as

familias teñan que empezar a comprar patacas e tamén teñen que destruír todas as que xa tiñan plantadas. Por exemplo, a miña familia tiña patacas para autoconsumo, pero agora temos que compralas e comparamos a ver se atopamos algunha marca que sepa tan ben coma as

OUTROS PROBLEMAS NO CULTIVO DA PATACA

A couza é un problema máis a engadir ós que xa tiña o cultivo da pataca.

Un dos máis habituais é o do escaravello da pataca. Os individuos que afectan á planta son tanto os adultos como as larvas que devoran as follas e brotes tenros provocando que os tubérculos non medren. Non inflúe na calidade da pataca pero si na cantidade da colleita.

O mildiu é un fungo que aparece cando hai un descenso de temperaturas e aumento de humidade. Cando soben as temperaturas xerminan as esporas do fungo. Provocan a perda da planta, e cando o ataque é forte tamén pode causar que podreza o froito. É a enfermidade que provoca máis perdas no cultivo da pataca no mundo.

Ademais é un cultivo bastante

sensible ás xeadas tardías, pois provoca retraso na produción. A partir de -2°C tamén orixina que a pataca se conxele. En caso de afectar pronto á planta, pode volver a brotar.

A todos estas enfermidades e problemas hai que sumar os vermes e ratos que fan buracos nos tubérculos e os xabarís que entran nas fincas para alimentarse.



Territorio afectado pola praga



Polilla



Larva

AS TORRES DO ARNEIRO PARTICIPARON NA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

España, oficialmente neutral na Guerra, colaborou coa Alemaña nazi aportando axuda en temas relacionados coa comunicación.

REDACCIÓN / MIRADORES

España era oficialmente neutral durante a Segunda Guerra Mundial, pero o goberno español daquela época tiña simpatías pola Alemaña nazi. Ademais o franquismo tiña unha débeda con Alemaña porque os axudaran durante a Guerra Civil española. Por iso España prestoulles apoio loxístico (aportando materias primas ou axudando nas comunicacións)

Arredor de 1940 (coa 2ª Guerra Mundial xa empezada) os alemáns construíron en España dúas instalacións de comunicación. Unha delas é a situada na Terra Chá, composta por tres torres, dúas en Cospeito (Arneiro e Momán) e a outra no concello de Abadín. Trouxeron as pezas desde Alemaña. Nesa mesma época os alemáns tamén construíron o aeródromo de Rozas.

A función destas torres era fundamentalmente coñecer a posición de barcos, submarinos e avións propios e dos inimigos. Hai hipótesis que din que eran aproveitadas tamén polos Aliados.

Despois de terminar a Guerra, estas instalacións pasaron a depender do Exército do Aire español. En 1962 foron transferidas a Aviación Civil. Co paso do tempo a súa tecnoloxía quedou obsoleta e deixaron de usarse. Aínda así, houbo intentos de grupos de radioaficionados para facelas funcionar.

Finalmente, tentouse a súa recuperación como testigos da historia da participación de España e Galicia na 2ª Guerra Mundial. Pero en 2006 caeu a torre de Abadín; e en 2009, debido ao furacán Klaus, caeron as dúas de Cospeito. O total abandono facilitou que fora roubado todo o material útil.

A posición da torre de Arneiro, que era a torre central, apenas

se pode distinguir na actualidade. Tan só quedan restos de edificios construídos ao seu arredor, como barracóns.

ESPAÑA NA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Despois da Guerra Civil España quedou nunha mala situación económica e social. Así, cando se declarou a Segunda Guerra Mundial, o goberno de Franco decidiu ser neutral, a pesar de ter máis simpatías por Alemaña.

Houbou unha famosa reunión de Franco con Hitler en Hendaya (Francia) nun vagón dun tren. Alí España esixiulle a Hitler varias condicións para entrar na Guerra. Non chegaron a un acordo.

A pesar diso, Franco enviou a loitar co bando alemán á División Azul. Eran voluntarios que participaron na invasión de Rusia. Dentro da División Azul estaba a Escuadrilla Azul, que eran aviadores.

Tamén houbo españois loitando contra os nazis. Moitos deles foron exiliados de España que fuxiran a Rusia trala derrota na Guerra Civil. É curiosa, por exemplo, a participación dun catalán, chamado Juan Puyol que estaba casado cunha luguesa chamada Araceli. Juan Puyol é coñecido como Garbo. Traballou como espía falso para Alemaña. Daba informacións falsas aos alemáns, porque en realidade traballaba como espía de Gran Bretaña. Polo seu traballo Recibiu condecoracións dos dous países. Pero axudou a enganar aos alemáns sobre a data e lugar do desembarco de Normandía.



Fotos: Diego Fernández

O LEITE, ALIMENTO BÁSICO PARA A VIDA PORQUE É O MÁIS COMPLETO

Alimento que ten a maioría dos nutrientes e é fundamental nos momentos de formación de tecido (crecemento, embarazo, fracturas óseas, ...)



S. PENA E L. VEIGA

O LEITE.

O leite é unha fonte de calcio polo tanto debe ser tomado diariamente dende o nacemento por medio do leite materno, e ao longo da vida por medio do leite vacún e derivados como o queixo e os iogures, para formar e manter a masa ósea (ósos) e previr a aparición de enfermidades como a osteoporose.

LEITE APTA PARA O CONSUMO.

Dise do leite un produto integral da muxidura completa e ininterrompida, é dicir, sen pausas, en condicións de hixiene que da a vaca leiteira en bo estado de saúde e de alimentación.

Engadido a isto, considérase leite o que se obtén despois do período de parto, a causa de que a leite de arredor dos dez días anteriores e posteriores ao parto o leite non é apto para que o consuman as persoas. Recordando que a muxidura debe ser completa, en caso de

que non o sexa, por absurdo que soe, ao quedar leite no ubre, a composición química varía.

VARIEDADES DO LEITE.

LEITE ENTEIRA.

Dise do leite hixienizado, arrefriado e mantido a cinco grados Celsius (centígrados), que opcionalmente a terminación, pasteurización e normalización da materia graxa. O leite enteiro é transportado en camións dunha industrial láctea a outra para ser procesado e envasado seguindo rigorosamente as normas de hixiene estándar.

Leites modificados (desnatados-comerciais).

Pódense producir leites desnatados con un carácter graxo máximo do 0.3% e semidesnatado cando sexa maior ao 0.3% e menor ao 3%. Obrigatoriamente según as normas estes datos deberán constar nos envases de maneira visible e completamente explícita. O leite parcialmente semidesnatado promedia o 1.5%. Ultimamente hai gran

variedades de leite enriquecidas ou modificadas. Algunhas delas son: leite especial para o colesterol, leite enriquecido en calcio, leite con fibra e leite sen lactosa.

LEITE EN PO.

Hai leites enteiros, semidesnatados e desnatados. A través de procesos técnicos o líquido deshidrátase e redúcese a po. Para facelo o leite e introducido a gran presión en cámaras quentes que o deshidratan.

LEITE CONDENSADO.

Esta variedade do produto e empregado xeralmente para a repostería e non para a dieta realizada todos os días dado o seu alto contido en graxa e baixo contido en auga.

ELABORACIÓN COMERCIAL.

Os camións cisterna adoitan comezar o servizo de recollida do leite arredor das cinco e media da mañá, a través de rutas establecidas, nas que recorren todas as explotacións gandeiras asociadas que producen leite. Unha vez

depositada o leite nos tanques, que hasta ser envasado pasarán arredor de tres horas, entra nun proceso que se chama pasteurización no que elevan a temperatura. Serve para establecer unha clasificación deste en enteiro, semidesnatado, desnatado e diferentes natas. O leite é sometido a un último proceso de pasteurización de 75 °C antes de ser envasado.

A partir do leite fábrícanse outros alimentos tales como iogures, nata, manteiga, queixo ou kefir.





Dende a vaca ata chegar ás nosas mesas, un largo proceso


MIRADORES/COSPEITO

As vacas son muxidas na actualidade en modernas instalacións. Logo é almacenado en tanques de frío e transportado en camións cisterna ata as plantas de produción. En todo o proceso hai continuos análises para comprobar a hixiene do produto.

Os produtos elaborados chegan ás nosas mesas para ser degustados ou ben para elaborar produtos na cociña como: filloas, arroz con leite, biscoito de iogur, biscoito de nata, bechamel,

Fotografías de E. Prado e S. Gómez





Localización dos países onde traballou o noso trotamundos

O TROTAMUNDOS DE COSPEITO

Un viaxeiro chamado Félix Veiga Logilde foi a 4 países. Neles encontrouse moitas cousas diferentes como as linguas e as moedas...

A.VEIGA E E.PRADO.

Vivir lonxe da casa ás veces faise por gusto e outras por obrigación. D. Félix Veiga viaxa moito, polo traballo (Cada dous meses). Viaxou a catro países: Venezuela, Bangladesh, Inglaterra e Finlandia.

O país que máis lle gustou foi Finlandia, gustoulle moito pola cultura, pola xente e sobre todo pola forma de vivir.

No que mais lonxe estivo foi en Bangladesh e no que máis tempo estivo foi en Inglaterra. O monumento que mais lle gustou foi a igrexa de Ollos

Dai (Huesca, España).

Nos países que viaxou atopouse con distintos idiomas: Inglés, Francés, Árabe, Alemán, Finlandés e Español-Latino. Aínda que non ten moitos problemas debido a que a maior relación tena cos compañeiros de traballo.

Nos seus viaxes atopouse con moitos tipos de relixión: Católica (Venezuela), Islam (Bangladesh), a maioría católicos (Inglaterra), e Ortodoxos (Finlandia).

Tamén se atopou con moitas variedades de climas como o tropical en Venezuela, o cálido en Bangladesh, o frío e húmido

en Inglaterra e moito frío en Finlandia.

En cada un dos países que visitou encontrouse con distintos tipos de moedas: os bolívars en Venezuela, a Taka en Bangladesh, a libra en Inglaterra e o euro en Finlandia.

A pesar de que Félix xa visitou moitos países, a onde a el lle gustaría viaxar realmente é ao Caribe debido ao seu clima, as súas praias e sobre todo pola tranquilidade.

Quen sabe cal será o seu seguinte destino.

A EMIGRACIÓN EN GALICIA

Os galegos emigraron fóra da súa terra ao longo da historia por varios motivos: falta de traballo, mala situación económica, desexo de aprender ou de coñecer outros países. A principios do século XX a maioría emigraba a América, sobre todo Cuba, Arxentina e México. As viaxes eran moi duras, tanto polas condicións como polo feito de marchar. Sobre todo eran os homes os que

marchaban deixando as mulleres e os nenos aquí. A partir da década de 1960 a emigración dirixiuse máis a Europa (Alemaña, Francia e Bélxica). Algúns galegos da emigración conseguiron mellorar economicamente. Hai casos de emigrantes que axudaron a mellorar os seus pobos de orixe, fundamentalmente financiando escolas para mellorar a educación. Tamén quedaron como mostras das súas viaxes as coñecidas como casas de Indianos. Ribadeo é un lugar que ten varios exemplos destas casas.

BENVIDOS A COSPEITO:

Disfrutarán de boas vistas, gastronomía, mercado, unha vivenda en condicións... Se queres saber esto e máis, veña a Cospeito.



O DÍA A DÍA DAS ESCOLAS DE ESTADOS UNIDOS E CANADÁ



De Galicia a Otawa e a Arizona

Durante este curso tivemos a oportunidade de coñecer como son as escolas de Estados Unidos e Canadá. Sempre resulta interesante coñecer as diferenzas e semellanzas que hai na ensinanza. Nós centrámonos en detalles que nos resultan curiosos.

DOUS PROFESORES VIAXEIROS

María José López Paz é unha profesora destinada ao noso colexio este curso. É a profesora encargada das asignaturas de plurilingüismo en Primaria. É unha profesora preparada que intenta mellorar cada día. Exemplo diso é a súa experiencia en Canadá. Como anos anteriores o CPI Plurilingüe Virxe do Monte conta cun auxiliar de conversa que vén de Estado Unidos. Chámase Mat Caskey, un rapaz xoven e simpático que accedeu contestar as nosas preguntas.

MATT CASKEY.
AUXILIAR DE CONVERSA NO CPI PLURILINGÜE VIRXE DO MONTE
C. CAMPELLO, L. HERMIDA

Matt chegou no mes de setembro e colabora coas profesoras de inglés de Primaria e Secundaria como auxiliar de conversa. Gústalle estar no recreo cos nenos.

Onde naciches?

Nacin en Olympia, estado de Washington. Pero vivo en

Arizona, na cidade de Flagstaff.

Porque decidiches estudar español?

Porque me gusta coñecer a moita xente e os idiomas axudan; e en especial o español porque Arizona está moi preto de México.

Porque quixeches facer prácticas no estranxeiro?

Porque un amigo meu estivo aquí antes ca min e falaba marabillas; tanto é así que aínda vive aquí, en Bilbao.

Adáptaste ben a vivir aquí?

Adáptome ben. O único problema é que non teño roupa apropiada para este clima. E outra cousa difícil foi o feito de

non ter coche propio.

Falemos agora dos colexios que coñeces de Estados Unidos. Cal é a hora de entrada e saída do colexio?

O horario é de 8:30 a 15:00. Os mércores é diferente: de 8:30 a 13:00

É moi grande o colexio.

É moi grande. Para 5º de Primaria hai catro ou cinco clases.

Cantos alumnos hai por clase aproximadamente?

Hai de 20 a 25 alumnos.

Os nenos falan moito ou son moi obedientes?

Normalmente son moi educados, pero ás veces hai

algún que fala demasiado. Permítese falar se fan traballo en grupo.

Cantos profesores hai no colexio?

Polo menos hai 20 profesores.

Que materias imparten?

Matemáticas, ciencias, Inglés.Arte, música e educación física, unha vez por semana.

Levan uniforme ou vestimenta de rúa?

Levan vestimenta de rúa.

Que idioma estranxeiro estudan?

Non estudan ningún idioma estranxeiro.

Levan o material escolar e as mochilas iguais ou diferentes?

O material escolar é diferente en cada escola e decídeo o Consello Escolar (os administradores de cada cidade).

Teñen servizo de comedor?

Si que teñen, pero moitos estudantes levan a comida da casa, “Packed lunch”. Ofrecenlles aos estudantes tomar o almorzo, pero teñen

que pagar por el.

Teñen recinto arredor do colexio?

Hoxe en día hai cancelas, pero cando eu iba á escola non había recinto, estaba aberto.

Fan concursos?

Si que fan concursos. Por exemplo as “Spelling bees” e “Cake walk”.

Realizan obras ou representacións? Onde as realizan?

Normalmente non, pero no meu colexio os de cuarto grado fan unha obra de teatro por acción de gracias.

Celebran os días especiais?

Celebran Halloween, Acción de Gracias e as veces Nadal. En Nadal poden falar de Papá Noel, pero non poden falar de nada realacionado coa Biblia. E por Pascua poden falar de “Easter Bunny”, pero de nada relixioso,

Esperamos que Matt leve un bo recordo do seu paso polo noso colexio e de Galicia cando marche no mes de xuño. En nós deixa un gran recordo.





MARÍA JOSÉ LÓPEZ PAZ. PROFESORA DE PRIMARIA

No tempo que estivo no colexio de Canadá, foi capaz de coñecer moi ben o sistema educativo de Canadá e o día a día dun colexio. Así no lo demostra na entrevista que nos concedeu.

Onde está situado o colexio? É moi grande?

O colexio é enorme; nel estudan 820 alumnos. Está en Ottawa, a capital de Canadá. Chámase ADRIENNE CLARKSON ELEMENTARY SCHOOL (ACES)

Cal é a hora de entrada e saída do colexio?

O horario é de 8:30 a 15:00. Hai dous recreos.

Cantos profesores hai no colexio?

50 aproximadamente.

Que materias imparten?

As mesmas que aquí: Matemáticas, Música, Educación Física, Plástica, Inglés, Francés, Ciencias.... O que non hai é Relixión.

Levan uniforme ou vestimenta de rúa?

Non levan uniforme. Cada un leva a roupa que quere. Cando chegan pola mañá e cando saen ao recreo, teñen que cambiar de calzado para non manchar nin mollar as instalacións. Quitan botas e zapatos e poñen zapatillas deportivas.

Que idioma estranxeiro practican?

En Canadá hay dúas linguas oficiais: Inglés e Francés. Son as que estudan en Infantil e Primaria. Despois da escola, moitos nenos e nenas asisten a clases particulares para aprender a lingua do seu país: chinés, árabe, coreano,...

Levan o material escolar e as mochilas iguais ou diferentes?

Son diferentes. Cada un compra ao seu gusto. Os libros non teñen que mercalos porque llos dan no centro.

Teñen servizo de comedor?

Non hai comedor. Cada neno trae a comida da casa e xantan no recreo (de 13:15 a 14:00). Os primeiros 20-25 minutos son para comer e o resto para xogar.

Teñen recinto arredor do



colexio?

Si. O patio é enorme. Hai unha zona só para Infantil cun parque e un areeiro. Para Primaria teñen pista de deportes, outro parque, campo de herba... Xunto á escola hai un parque público que tamén utilizan de vez en cando.



Fan concursos?

Non estou segura. O que si hai son competicións deportivas e clubs de actividades extraescolares.

Realizan obras ou representacións? Onde as realizan?

Cando eu estiven, non houbo ningunha pero supoño que si as fan. Non había salón de actos, así que me imaxino que usarán o ximnasio.

Celebran os días especiais?

Si, claro. A min coincidíronme dous:

–Halloween (31 de outubro). Todo o mundo vai disfrazado. Bailan, cantan e decoran as clases.


–Remembrance Day (11 de novembro). Fan actividades especiais para conmemorar este día no que se recorda aos caídos nas guerras. Constrúen broches con forma de mapoula e recitan poemas ou cantan cancións relacionadas co día. As mapoulas colócanse na tumba ao soldado descoñecido situada diante do Parlamento no centro de Ottawa.

Aproximadamente, cantos alumnos hai por clase?

A clase con menos alumnado ten 17 e a que máis 26. As clases máis numerosas son as de Infantil.

Os nenos falan moito ou son moi obedientes?

Son bastante educados e respetuosos; se falan, fanno en voz baixa. Incluso cando fan traballos en grupo, usan un tono de voz que non moleste. O curso máis ruidoso no que estiven foi 5º.



Hai violencia entre os alumnos?; se hai violencia que protocolos de actuación hai?

Non me coincidiu ningún caso de violencia, pero polo que me contaron, non hai problemas deste tipo. Trabállase moito, tanto cos alumnos, como coas familias para evitar esa clase de situacións.

Hai acoso escolar?

Case nada. En Canadá cada unha das dez provincias e tres territorios, ten os seus propios plans de estudo que contemplan as súas características culturais, históricas e sociais, ademais de adaptarse ás necesidades dos estudantes de cada comunidade. Xunto a materias coma Lingua, Matemáticas ou Ciencia, tamen teñen cabida campañas antirracismo ou prevención do acoso escolar. E, por suposto, as culturas aboríxenes e o traballo social cos membros máis vulnerables da sociedade teñen un papel salientable. Existen programas de apoio e acollida para



alumnos inmigrantes para evitar que vaian retrasados con respecto ao resto.

Poderías contarnos algunha anécdota ou algo curioso que te chamara a atención?

Houbo varias cousas. O primeiro que me sorprendeu foi o de cambiarse de calzado ao entrar e saír do centro.



I am

én me resultou moi chamativo o feito de que os mestres e mestras entran nas aulas a dar clase coa taza de café ou té. Pero o que máis me chamou a atención e, incluso me asustou un pouco, foi o que se chama “lockdown” (encerro). Faise cando hai algún tipo de ameaza ou algún problema grave. Avisan por megafonía e alumnos e mestres pechan as portas con chave, apagan as luces e baixan as persianas. Póñense na parte dianteira da clase sentados no chan e totalmente en silencio. Ninguén se pode mover nin falar ata que chega a policía e abren a porta. O policía informa de que a escola é segura pero ata que volven avisar por megafonía de que todo está en orden, non se move ninguén. Todo o proceso dura uns 15 minutos. Os nenos estiveron totalmente en silencio e moi tranquilos. Nesta ocasión non era real, foi un simulacro. Ensáiano, aproximadamente, dúas veces ao ano.

Que aprendizaxes destacarías despois da experiencia?

Son moitos os aspectos que me gustaron do sistema educativo canadense, por exemplo:

–Os nenos e nenas aprenden ao seu ritmo, non hai tanta presión como aquí para dar os temas.

–Non usan libros.

–A escola conta con varios profesores de apoio para axudar ao alumnado con dificultades.

–Non se repite curso.

–A enorme variedade de razas e culturas convivindo sen problemas.

Espero viaxar a Canadá máis veces. A experiencia foi increíble, aprendín moito e tratáronme estupendamente. Graciñas polo voso interese. Espero que as vosas preguntas queden aclaradas.

Moitas grazas a ti porque aprendemos moito.

De Goá (Cospeito) a Goa (India)



Rituraj
raj02raj@gmail.com

Templo Shantadurga. Rituraj Meena



Basilica do Bom Jesus. Saint @ Postcrossing

Unha soa til de diferenza, pero na realidade son dous lugares ben distintos e moi separados no espazo.

Goá é unha parroquia do concello de Cospeito. Ten unha extensión de 11,9 km² e o número de habitantes está arredor dos 550. Ao outro lado do mundo atópase Goa, un lugar moi diferente.

Goa é a rexión máis pequena da India con 3.700 km² e 1.400.000 habitantes, pero é o principal destino turístico da India se se quere ir á praia (máis de 100 km de praia). As praias menos urbanizadas están ao sur. Tamén vai moita xente amante do ioga e da meditación. Nos anos 60 foi destino hippy. Outro reclamo para ir é a música electrónica. De feito nesa zona xurdiu un tipo de música chamada Goa Trance.

Era o centro para todo o mercado de produtos da zona: perlas, seda, especias, porcelana, A cidade

portugueses renderon. En 1987 foi admitido como estado pleno da India.

India). Hai que ter en conta a época do ano. De xuño a outubro é a época dos monzóns (fortes chuvias durante horas, aínda que despois pode saír o sol). A mellor época é de decembro a febreiro. O aeroporto está preto da capital (Dabolim).

A moeda é a rupia india, dividida en 100 paisas. Como no resto da India conducen pola esquerda, aínda que o tráfico é bastante caótico con animais circulando libres e grupos de peóns.

En canto á gastronomía, é unha mezcla de cocina portuguesa e local. Hai unha excelente comida vexetariana, porque gran parte da súa poboación é vexetariana. É típico o dal (legumbres peladas), curry de lentellas, roti (tipo de pan) ou platos de arroz. Nos chiringuitos de praia ofrecen curries de pescado con arroz.

de Nuestra Señora de la Inmaculada Concepción, construída en 1619.

A cidade de Old Goa foi declarada Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Nela encóntrase a Basílica do Bom Jesus (coa tumba de S. Francisco Javier), a Sé Cathedral (posiblemente a maior igrexa de Asia) e Holy Hill (colina con varias igrexas como a de S. Agustín, en ruínas quedando a torre campanario ou a igrexa de S. Francisco de Asís)

Dado que máis da metade da poboación é hindú hai multitude de templos. Son unha mezcla de estilo europeo, musulmán e hindú. O santuario máis popular de Goa é o Shantadurga Temple. O Shri Naguesi en Bandora venera a Nagesh (señor das serpes) e en Velingha o Shri Laksmi Narasimha venera a Visnu.

Son tamén moi fermosas as mansións coloniais dos séculos XVIII e XIX. As casas seguen a arquitectura local pero a decoración é europea. Están abertas para a visita. A máis coñecida é Braganza House, en Chandor.

Por último, para as compras son moi coñecidos os mercadillos de pulgas.



MAPA DE GOA. MONDITRAVEL

Breve historia

A historia de Goa remóntase a antes de Cristo, pero no século XVI foi conquistada polos portugueses (en concreto polo almirante Alfonso de Albuquerque).

Así estableceron unha colonia permanente en Goa a Vella, converténdose no centro desde onde conquistar novas colonias e tomar o control do comercio das especias (tan valiosas naquela época). Goa converteuse na capital do Virreinato portugués de Asia.

conseguiu un gran esplendor con fermosos edificios. Os portugueses declararon o catolicismo como relixión oficial. Posteriormente tamén chegarían os misioneiros españois.

Seguiu en posesión de Portugal ata o ano 1961 (máis de 400 anos). Despois de moitos intentos da India por apoderarse da zona, finalmente o 19 de decembro (día da Liberación en Goa) dese ano e despois dun corto combate, os

Goa agora

Na actualidade o estado está dividido en dous distritos e 11 subdistritos. A capital é Panaji (Panjin ou Pangim). A poboación é unha mezcla de hindúes e católicos. O idioma oficial é o konkani, utilizan o marathi en algúns ámbitos oficias, aínda que tamén falan algo de portugués e len prensa en inglés.

Para visitar Goa é necesario un visado (requisito imprescindible para entrar na

Turismo en Goa

Goa ten moito que ofrecer ao visitante. Empezando polas famosas praias, coma a de Colva. A natureza é espectacular: case a metade do territorio é selva.

Como recordo do pasado portugués da zona pódense visitar gran número de templos católicos. En Panaji a igrexa

SABOROSA AUGA DE COSPEITO QUE CHEGA LONXE

En Cospeito está funcionando unha empresa que envasa auga de gran calidade chamada Aquabona (Fontoira). A súa xefa acolleunos moi amablemente e mostrounos a fábrica deixándonos facerlle preguntas e sacar fotos.



Fontoira. Sandra Gómez

S. GÓMEZ, P. MOURIZ, D. REBOREDO

Na carretera de Pino encóntrase esta empresa á que nos diriximos para intentar coñecer algo máis do envasado da auga. Podemos dicir que Fontoira é unha das empresas máis destacadas do concello de Cospeito.

Fixemos unha visita por todas as instalacións coñecendo a fución das distintas máquinas ao mesmo tempo que respondían ás nosas preguntas.

Quen descubriu o manantial? En que ano se construiu?

O manatíal xa existía e os donos decidiron darlle valor en 1993. E Aquabona leva 15 anos funcionando.

Buscáron aquí auga porque xa sabían que era boa?

Sí, os donos buscaron alí auga porque xa sabían que era boa.

Véndese fora de España?

Sí, tamén a venden en Portugal.

A empresa é española ou extranxeira?

É española, a súa marca é Coca-cola

Ten máis fábricas en outros lugares?

Sí, ten 4 fábricas en España: Burgos, Teruel, Valencia e Galicia.

As máquinas son as mesmas de antes?

Aínda hai dúas máquinas iguais que antes, pero as outras son novas; a máis recente é de 2012.

Cantas liñas hai para o envasado?

Divídense en tres liñas. En cada liña hai un ou dous formatos. En total son de: 0,35, 0,5, 1,5, 2,5 e 5 litros. Ademais teñen unha zona de envasado que se divide en dúas fases e son: primeiro enchénse de auga e despois tapónanse; a continuación fórmanse os packs con plástico retráctilado.

Cantos traballadores hai na empresa?

Teñen temporada baixa e alta:
Baixa: 18 persoas
Alta : 30 persoas

Divídense en dous turnos e pódese chegar a tres turnos con horarios de 6 h a 14 h. No verán como hai turistas véndese máis auga.

Cantas botellas se venden nun ano?

Depende, chegaron a vender 70.000.000 de botellas.

Cantos litros envasados nun

día? E nun ano?

Cada día: 300.000 litros.

Ao ano: 60.000.000 de litros.

A auga está algo limpa ou

sucia?

A auga ten que ser pura e sá, se non, non a podes vender. A súa denominación de orixe é

auga mineral natural.

UNHA CURIOSA MANEIRA DE FABRICAR BOTELLAS

O envasado da auga nas botellas que nós compramos nas tiendas non é directa. Antes de chegar a iso teñen que pasar por un proceso curioso.

A empresa chegan uns botellíns pequenos que os meten nunha máquina e derrítenos. A continuación pásanos a outra máquina que os mete en moldes e ínfanos para que lles de forma. Supoñemos que se trata dunha forma de aforrar espazo no almacenamento.



FUTURO LABORAL DOS RAPACES DO CONCELLO DE COSPEITO

Non se sabe certamente o que os nenos e nenas que cursan ESO no CPI Plurilingüe Virxe do Monte farán no futuro. Pero mediante unha enquisa quixemos averiguar cales son os seus desexos.

MIRADORES / COSPEITO

A actividade económica no concello de Cospeito baséase fundamentalmente no sector primaria. A maioría das familias adicábanse á gandería e agricultura. Esta porcentaxe co paso do tempo foi variando. Pasamos aos alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO unha enquisa con preguntas nas que seleccionar a resposta. Unha delas era de resposta libre.

A análise das preguntas e respostas levounos a unhas conclusións que imos resumir.

1. Sexo: Home - Muller

O 49 % son homes e o 51 % mulleres.

2. Tés unha idea clara do que vas a facer no futuro: Si - Non

O 57 % ten claro o que quere facer no futuro. o 43 % confesa non ter moi claro o seu futuro

3. Paréceche atractivo o traballo que realizan os teus pais: Si - Non

Ao 68 % gústalles o traballo que realizan os seus pais, pero ao 32 % non lles atrae o oficio dos seus pais.

4. Gustaríache ter a mesma profesión que a de algún dos teus pais? Si - Non

A pesar da resposta anterior, só un 32 % querría ter a mesma profesión que a de seus pais. O 68 % non tería a mesma profesión.

5. Cando acabes a ensinanza obligatoria que che gustaría facer?

Seguirestudando

Poñerte a traballar

O 79 % quere seguir estudando, pero o 21 % preferiría poñerse a traballar.

6. Caso de seguir estudando, que prefires?

Ir á Universidade

Facer FP

O 75 % desea ir á universidade. O 25 % decántase por facer FP.

7. Que situación laboral prefires:

Crear a túa propia empresa

Traballar como empregado dunha empresa ou do estado

Domina o número de nenos que preferirían traballar como empregado, un 59 %. O 41 % desexa crear a súa propia empresa.

8. Escribe o nome da profesión que che gustaría ter no futuro.

A contestación dos nenos foi moi variada. Houbo moi pouco nenos que non souberon que contestar. Non se pode decir que haxa unha profesión máis desexada. Podemos destacar, quizais, as profesións relacionadas coa informática.

Algunhas das profesións nomeadas son: profesor/a, médico, avogado/a, cociñeiro, forense, enxeñeiro, bióloga, fisioterapeuta, psicóloga, garda civil, creador de videoxogos, programador informático, ...

9. Cal é a razón pola que che gustaría exercer esa profesión (podes escoller máis dunha opción)

garantízame ter bos ingresos facilidade para encontrar traballo

moi ben valorado pola sociedade

útil para a sociedade (axuda á xente)

alguén da miña familia tamén a exerce


a miña familia quere que me dedique a eso

gústame

sei que teño a capacidade e a habilidade que se precisa

A razón predominante pola que escollen a profesión para o futuro é que lles gusta. As seguintes razóns máis apuntadas son a económica (pensan que terán bos ingresos), que sexa útil para a sociedade ou porque pensan que teñen a capacidade e a habilidade necesaria para exercer ese oficio.

Non teñen tanto en conta que teña facilidade para encontrar traballo, que alguén da súa familia exerza esa profesión,



Sectores de profesión desexadas polos alumnos de ESO do CPI Plurilingüe Virxe do Monte

ou que sexa ben valorado pola sociedade. Pola contra, en moi poucas ocasións, elixiron a opción de que a súa familia queira que se dediquen a eso.

Atendendo aos resultados da enquisa, a maior parte dos nenos/as queren adicarse a unha profesión pertencente ao sector terciario. En cambio, son moi poucos os que desean unha profesión englobada dentro do sector primario.

O sector primario está formado polas actividades económicas que transforman os recursos naturais en produtos non elaborados. En este grupo entrarían a gandería,

a agricultura ou a minería.

Ao sector secundario pertencen as actividades artesanais e industriais e outras

como fontanería, mecánica, ...

O sector terciario engloba todo o relacionado cos servicios á sociedade.

CAVILACIÓNS DUNS NENOS

OPINIÓN

ENRIQUE PRADO E ÁLVARO VEIGA

Alguns poden pensar que os nenos e nenas non temos preocupacións. Pero non é verdade.


A min (Enrique) preocúpame ter que seguir co oficio da familia, porque son

granxeiros e non teñen vacacións. Espero ter outro traballo, aínda que non teña nin moitas nin poucas vacacións, porque se ten poucas vacacións non podo descansar ben e se ten moitas non fago nada en todo o ano.

A Álvaro preocupalle non pasar mais tempo con seu pai porque é un trotamundos. Non está na casa todo o tempo que lle gustaría.

Feira da maquinaria en Cospeito

TRACTOR



COELLO FEITO CON MADEIRA

Anímese; alí atopará:
artesanía, máquinas, postos de venda
para comer, unha carpa con varios bares que
servirán polbo, churrasco.... para todo o público
Será no mes de abril en Feira do Monte,
no concello de Cospeito

ANÍMESE

E

ACOMPÁÑENOS!

SERÁ UN PRACER!



Camiño da lagoa cercano a un río. Y. Miguélez

A Lagoa de Cospeito, un gran destino turístico

A Lagoa de Cospeito é un espacio natural cheo de flora, fauna e moita historia.

I. CASTRO, Y. MIGUÉLEZ

Do conxunto de humidades que hai na Terra Chá, destaca A Lagoa de Cospeito, un lugar privilexiado, que alberga gran cantidade de flora e fauna. Aquí podemos facer unha ruta de senderismo por toda a Lagoa.

Antes, a Lagoa de Cospeito era moito máis extensa, incluso había dúas lagoas distintas: a Lagoa Pequena, na Espiñeira, e a Lagoa de Cospeito, no mesmo sitio que a actual.

A lagoa é tan pequena porque en 1956-1957 desecaron ambas lagoas co fin de utilizar o terreo como campos de cultivo, pero o terreo tiña demasiado barro e non se podía sembrar nel.

Houbo moitísima xente que protestou para que devoveran as lagoas. Ao final cederon e en 1981 foi cando se iniciou o proxecto de recuperación da Lagoa. Cando se remataron as

obras o seu tamaño era aproximadamente 1/14 da extensión orixinal das lagoas. Neste ecosistema residen moitas especies de aves, reptiles e anfibios.

Algunhas aves son a avefría, o asubiador, o lavanco, a cerceta, a galiña de río, a grúa e distintas especies de patos (como o pato cullerete). Os anfibios son a ra, a píntega e o tritón. Tamén hai peixes, coma a troita. Os mamíferos son a londra, o xabarán, o esquío e o ourizo.

Un dato curioso do xabarán é que para conseguir ferro, substancia que non está presente na súa comida, fan buratos na terra e cómena. Isto fano porque a terra ten moitas substancias, entre elas, o ferro. Para quen queira dar un paseo, arredor da Lagoa hai unha ruta de senderismo, que se pode facer andando ou en bicicleta. Este paseo, recorréndoo andando, dura uns

tres cuartos de hora. É moi importante estar en silencio ou falar en voz baixa, porque se non, os animais asustaranse. Neste camiño atoparédesevos con catro observatorios ornitolóxicos ou tamén chamados miradores, onde poderedes ver moitas especies distintas de animais, sobre todo aves.

Na metade do camiño pasaredes por unha ponte bastante longa, xa que vai por encima dun trociño da Lagoa, e, se vos fixades, ao mellor logrades ver unha londra.

Os miradores son de dous tipos, altos e baixos. Os baixos son como casetas e os altos teñen unhas escaleiras cubertas para que os animais non vos vexan ao subir.

Por toda a ruta hai señais pintadas para indicar o camiño que debedes seguir, dende as rochas ata as paredes dos miradores. Ademais, polos bordos do camiño, veredes

pequenos rastros de pezuñas de xabarán. Iso é porque andan por ahí nas noites para mergullarse no rastro que deixan as choivas. Non vos preocupedes, os xabaríns só andan de noite e son inofensivos.

A nosa experiencia na Lagoa.

Dado que vivimos bastante cerca da Lagoa, visitámola moi a menudo e temos moitos recordos sobre ela. Cada vez que imos atopamos cousas novas. Algúns exemplos son: rás, serpes, pequenos xabaríns, etc.

A Lagoa para nós é parte da nosa infancia, xa que imos moitas veces a pasear solos, cos amigos ou con nosos pais. Ademais alí podemos relaxarnos e observar todos os animais que residen na Lagoa. Polo xeral, para nós a Lagoa é un lugar maravilloso.

Os espazos naturais

Un espazo natural é unha parte do territorio da Terra pouco modificado polo home. Hai varios tipos de espazos naturais. Algúns deles son os parques, reservas naturais, monumentos naturais e paisaxes protexidos, etc.

En España (1989) estableceuse a Lei de conservación dos Espazos Naturais e da fauna silvestre, que sinala as diferentes leis para protexer diferentes zonas de interese.

A lagoa de Cospeito atópase dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño que engloba a 26 municipios de Lugo.

A declaración de Reserva de Biosfera feita pola UNESCO para esta zona foi a primeira declarada en Galicia (no 2002).

Esto tenos que convencer da necesidade de protexer a nosa lagoa.





Fotografías: Yago
Miguélez Palacios

IMAXES DA LAGOA

I. CASTRO, Y. MIGUÉLEZ

Un paseo pola lagoa ofrécenos a posibilidade de ver fermosas paisaxes, e deténdonos de vez en cando nos observatorios, contemplar gran número de aves e outros animais. No sentido das agullas do reloxo: centro de interpretación, imaxe da lagoa, carreiro, ponte de madeira e observatorio.





Luís Tosar. Páxina oficial. Loukia, 2005

Luís Tosar , un actor orgullo de Cospeito

Participou en algunhas das mellores películas rodadas en España nos últimos anos.

N.PUENTE Z.YAÑEZ

Luís López Tosar naceu en Cospeito o 13 de outubro do 1931. A súa familia é de Xustás. Durante os anos 90, Tosar participou en numerosos cortometraxes antes de conseguir a popularidade en Galicia como xuíz na teleserie "Mareas Vivas". O primeiro capítulo desta serie proxectouse en Xaneiro de 1999.

En 1998 debutou nun largometraje participando na comedia "Altilano Presidente". En 2003 recibiu o premio Goya da Academia das Artes e das Ciencias cinematográficas de España como mellor actor de reparto por "Os luns ao sol" e en 2004 como mellor actor de "Te doy mis ojos". Tivo mais nominacións aos Goya. Na edición de 2009 volveu a gañar o premio pola súa interpretación de "Celda 211". En Galicia recibiu premios

Mestre Mateo como mellor interpretación masculina por "Cargo" (2006), "Celda 211" (2009), "Operación E" (2012), "El niño" (2014) e "El desconocido" (2015). O título de algunhas das súas

películas son:

- "Celda 211".
- "El desconocido".
- "Cien años de perdón".
- "También la lluvia".
- "Los lunes al Sol".
- "Te doy mis ojos".

- "A cambio de nada".
- "Toro".
- "Una pistola en cada mano".
- "Los últimos de Filipinas".
- "Mientras duermes".
- "El niño".
- "Operación E".

- "Musarañas".

Tamén participou como actor en diversas obras de teatro como "El zoo de cristal", "Hamlet" ou "La ópera de los tres reales".

Aparte da súa faceta no mundo do cine forma parte do grupo musical Di Elas (aínda que inicialmente se chamaban The Ellas) que lidera xunto a Piti Sanz.

Foi parella da actriz Marta Etura, con quen participou en varias películas.

No ano 2015 foi pai por primeira vez dun neno ao que chamou León, fruto da súa relación coa actriz María Luisa Mayol.

A súa última película é "El plan de fuga".

Para nós é un orgullo que un dos mellores actores españois na actualidade sexa orixinario de Cospeito. Esperamos que a súa carreira continúe tendo moito éxito.

A LAGOA DE COSPEITO, UNHA FANTÁSTICA PAISAXE.



A LAGOA DE COSPEITO É UN HUMEDAL PERMANENTE DA PROVINCIA DE LUGO. É UNHA ZOA MOI BONITA, ONDE SE PODE DISFRUTAR DUNHAS PRECIOSAS VISTAS. TAMÉN TEN VARIOS MIRADORES PARA PODER VER MELLOR CADA PARTE DELA. NOS SEUS LAGOS HABITAN ALGÚNS PARRULOS E PAXAROS.

Darío Xohán Cabana, un gran escritor de Cospeito

Considerado como un dos grandes escritores da Terra Chá. Nacido na parroquia de Roás, algo que quedou reflexado nunha das súas grandes obras: "Galván en Saor".

I. CASTRO, Y. MIGUÉLEZ, D. REBOREDO

Darío Xohán Cabana naceu en Roás, parroquia de Cospeito o 19 de abril de 1952. É un dos persoeiros do noso concello que conseguiu sona grazas ao seu traballo. Segundo el mesmo di, non vive da escritura, pero publicou un grande número de libros, moitos dos cales pertencen á Literatura Infantil (como di el porque os editores os clasificaron así). Podemos citar entre outros: "Galván en Saor" (Roás ao revés), "Fortunato de Trasmundi" e "Morte de rei". Considerados para nenos e presentes na Biblioteca do CPI Plurilingüe Virxe do Monte: "As aventuras de Breogán Folgueira", "Inés e a cadela sabia", "O avión de Cangas", "O milagre das estrelas".

–**Por que quixo ser escritor?**

–Non é que quixera, fun caendo pouco a pouco na tentación. Foi un proceso que tivo lugar cando eu tiña quince e dezaseis anos, e a razón principal foi que descubrín que a miña lingua tiña tamén unha literatura á que eu quixen contribuír por conciencia galeguista. Isto era polo 1967 e 1968, durante a ditadura franquista.

–**Como se inspira ao escribir os seus libros?**

–As ideas nacen moi fácil, ás veces coma lostregos, outras veces coma unha especie de amencer máis lento. E logo á idea inicial vánselle dando voltas durante un tempo máis ou menos longo, e finalmente empézase a escribir. Se a idea está madura, o libro sae bastante fácil e natural. Se non, é mellor deixalo.

–**Canto tempo lle leva escribir un libro?**

–Iso depende moito, teño feito libros de menos de cen páxinas e outros moito máis grosos. Pero non é só polo tamaño. Por exemplo, "GALVÁN EN SAOR" escribino en menos dun mes, sen contar o tempo que o levaba pensado, e "Morte de rei", que só debe ser tres veces máis gordo, debeume levar ben os dous anos.

–**Cal foi o seu primeiro libro publicado?**

–"Home e terra", un pequeno libro de poemas que saíu en 1970.

–**Foille moi difícil que lle publicasen o seu primeiro libro?**

–Moi fácil, o editor foi Manuel María, que facía a colección de poesía "Val de Lemos" nas Edicións Xistral. Manuel María era un home moi xeneroso.

–**O seu primeiro libro publicado foi o primeiro que escribiu?**

–Non, antes fixera outro que se chamaba "Home cara ó vento", pero non se puido publicar porque o prohibiu a censura. Era en 1969, estabamos nunha ditadura.

–**Xa quería ser escritor cando era pequeno?**

–Daquela o que quería era ser camioneiro.

–**De pequeno xa escribía contos?**

–Non, o que escribía era os exercicios de redacción que me mandaban na escola. E cando fun xa grandíño empecei a escribir versos, os contos e as novelas viñeron despois.

–**Tivo algún traballo antes de volverse escritor?**

–Cando eu empecei a escribir eu era aínda estudante, aínda que tamén axudaba na casa, de Labrador. E ós 18 anos empecei a traballar fóra en cousas que nada tiñan que ver con ser escritor. Eu nunca fun un escritor profesional, nin o quixen ser, e nunca vivín da literatura, senón de traballos normais coma toda a xente. Nalgunha época gañei cartos coa literatura, pero nunca dunha maneira regular. Traballei en varias cousas diferentes, algunhas moi precarias e mal pagadas, e mesmo sen asegurar. Agora levo máis de trinta anos como funcionario municipal por oposición, en postos diversos, pero xa estou a punto de xubilarme.

–**É posible vivir da literatura sen ter que traballar en nada máis?**

–Supoño que si, sobre todo se se escribe en castelán, ou en inglés, que é algo que non me interesa. En galego xa sería máis difícil, pero repito que eu nunca pretendín vivir só do que escribía.

–**Por qué empezou a escribir para nenos?**

–Eu para nenos só escribín un pequeno conto que se chama "Cousas do Chuchó Cacho",

unha cousa para primeiros lectores, de seis anos ou así. Todo o demais escribino para lectores coma min, e se os editores os publicaron en coleccións infantís ou xuvenís foi cousa deles, non miña. Hai persoas de oito ou nove anos que len calquera cousa, e persoas de cincuenta ou sesenta que son incapaces de ler máis ca as esquelas dos xornais ou as crónicas de fútbol. Eu lin o Quixote cando tiña dez anos, e coma min pode facelo calquera se ten a devoción.

–**Qué diferenzas hai entre unha novela de nenos e outra**

facendo.

–**Lévalle moito facer o encrucillado?**

–Nunca o dei calculado ben, pero supoño que como media levaramos unha hora cada un.

–**Ten axuda para facelo?**

–Non.

–**E para rematar a entrevista, ten pensado escribir un novo libro ou xa o está facendo?**

–Pois non sei. Seguramente escribirei ensaios, artigos e cousas desas, pero libros así a pé feito non estou facendo nin teño pensado por agora. Despois de todo, xa fixen máis de cincuenta.



Darío Xohán Cabana en Outeiro de Rei, no acto da RAG das Letras Galegas a Manuel María o ano 2016. Fotografía de Xosé Castro

de adultos?

–Para min ningunha: todas as miñas historias escribinas da mesma maneira, pensando nun lector que fose coma min, ou moi parecido.

–**Como é que chegou a facer o encrucillado da Voz de Galicia?**


–Eu tiña publicado algúns encrucillados, quizabes fun o primeiro que fixo encrucillados totalmente en galego, e La Voz de Galicia propúxome facer en exclusiva un diario para eles. Disto debe haber xa trinta anos, e pagaban moi ben. Agora xa non tanto, pero mentres queiran e me dea a cabeciña vouno seguir

Gustounos coñecer a un home de moi preto de nós que aprendeu a contar historias que lle interesan á xente, algo que nos parece moi complicado, e que actividades como a realización dun periódico nos axuda a practicar.



Darío Xohán Cabana (o maior) cos seus irmáns Alexandre e Inés en Feira do Monte (foto cedida polo autor)





Carlos Casares visto polos nenos

CARLOS CASARES (1941 - 2002)

Este ano 2017, adícanse as Letras Galegas a Carlos Casares Mouriño.

N.PUENTE Z.YAÑEZ

Carlos Casares naceu o 24 de Agosto do ano 1941, en Ourense. Durante a súa infancia estivo en Xinzo de Limia.

Na adolescencia empezou a súa vocación literaria na que gañou o primeiro premio en escritura, que lle permitiu coñecer a Vicente Risco.

Logo na universidade adicouse á Filoloxía Románica en Santiago de Compostela. Durante esta etapa entrou en contacto coa cultura galega antifranquista.

Carlos foi un intelectual de relevo que destacou tamén pola súa implicación na vida cultural, social e institucional do país e por un bo traballo.

El durante a súa vida profesional foi escritor, narrador, ensaísta, articulista de prensa, editor e dinamizador cultural.

Calos Casares Mouriño faleceu o día 9 de Marzo do 2002 en Ramallosa (Nigrán) a causa dun infarto.

Estas son algúns dos libros que escribiu Carlos Casares :

- “Deus sentado nun sillón azul”.
- “O sol do verán”.
- “As laranxas máis laranxas de todas as laranxas”.
- “Ilustrísima”.
- “A bicicleta de Lolo”.
- “Buciños”.
- “Viento herido”.
- “Ramón Piñeiro”.

Día das letras Galegas

O día das Letras Galegas celébrase o día 17 de maio porque coincide co centenario da primeira edición de cantares galegos, de Rosalía de Castro. As letras galegas celébranse en Galicia desde o ano 1963.

Algúns escritores aos que se lles dedicaron as Letras

Galegas aparte de Carlos Casares foron estos:
-Manuel Antonio.

-Francisco Añón.
-Noriega Valera.
-Eduardo Pondal.

-Curros Enríquez.
-Rosalía de Castro.
-Villar Ponte.



EN GALEGO

Animáte e fala galego, é unha lingua única e pouco utilizada.

Se falas o galego sentiraste mellor e especial.

¿Anímaste?

QUE SE VEXA! O GALEGO

QUEREMOS GALEGO!

A importancia dun entrenador modesto

As escolas deportivas precisan de persoas con ganas de que os nenos disfruten do deporte.

YAGO MIGUÉLEZ PALACIOS

Imos falar sobre as Escolas Deportivas Municipais de Cospeito, que este ano están a cargo de Adrián Paz (Tucho), Carlos e Joel. Realizámoslle unha enquisa a Tucho, para saber a súa opinión sobre o deporte e sobre estas Escolas Deportivas. Foi tan amable de contestar 10 preguntas.

1. Canto tempo estás semanalmente nas Escolas Deportivas?

- Nas escolas de forma “visible” estou sobre 15 horas semanais, pero por atrás sempre hai traballo que facer, como coordinar buses, partidos, preparar adestramentos, compaxinar horarios e coordinar unha relación escolas deportivas-pais/nais que é fundamental, xa que estamos a traballar con persoas menores de idade.

2. Por que estás nestas escolas?

-Afortunadamente, nestas escolas estou grazas a un gran amigo e ex-coordinador, ao cal lle teño moito cariño e lle debo moito como alumno e como compañeiro de traballo, xa que é un gran profesional en todo os aspectos.

A empresa Game Sport e o Concello de Cospeito quixeron contar cos meus servizos para as Escolas Deportivas Municipais de Cospeito e eu non o dubidei. Co título de técnico superior en actividades físicas e deportivas a piques de rematar, comecei a traballar aquí facendo ás veces milagros para compaxinar estudos, traballo nas escolas, entrenar, xogar... Houbo días que non fun á clase por ir para o pabellón toda a tarde, e incluso ir sen comer; se fago isto é porque realmente me gusta.

Podo decir que é un soño realmente cumprido, porque dende os 4 ata os 16 anos estiven sempre, ano tras anos, formando parte das escolas deportivas nunha gran variedade de deportes.

3. De que posición che gusta xogar?

- Imaxínome que a pregunta



Tucho xogando ao fútbol. Yago Migúlez

vai orientada ao fútbol sala, a pesar de que práctico máis deportes. Aquí, gústame xogar de pivot e é a posición habitual na que xogo, a pesar de que me considero un xogador “universal”.

4. Que che gusta máis, ser adestrador ou xogador?

-Esta pregunta chega nun momento especial, xa que levo 6 meses lesionado e outros 6 que me esperan por diante e as miñas ganas de xogar son inimaxinables.

E quero facer referencia a que eu non exerzo de adestrador nas escolas deportivas, senón que exerzo de educador deportivo que é unha labor menos extensa ca de adestrador, pero moito máis importante, xa que é a base para o futuro deportivo do/a neno/a, xa que sin esta base a existencia de problemas de respecto, educación, tolerancia.. no deporte son máis abundantes.

5. Que che gusta máis, fútbol sala ou fútbol campo?

- Dende o 6 aos 16 anos compaxineí ámbolos dous deportes, pero foi no fútbol sala onde din un pequeno paso cara adiante e chegar a xogar ligas co equipo xuvenil de O Esteo de As Pontes; en división de honra e 2º División “B” co equipo senior de

O'Esteo.

Xogar esas ligas levaba de man recorrer cada fin de de semana, multitude de pabellóns por toda España(Segovia, Salamanca, Zamora...) e ademáis non poder xogar ao fútbol por motivos de regras internas do clube, xa que non permitían que os seus xogadores estiveran paralelamente xogando noutros clubes. Foi este detonante polo que teño un pouco máis de gusto polo fútbol sala, pero fútbol campo tamén me gusta e vivoo e disfrutoo del todos os días do ano.

6. Canto tempo levas de adestrador?

- Como dixen antes eu non me considero adestrador, tan só me considero coordinador e



Tucho de máis novo

educador deportivos, no que levo 8 meses e oxalá sexan moitos moitos máis anos.

7. Cando eras pequeno tiñas como obxectivos estar donde estás?

-Cando era pequeno o único que tiña entre cexa e cexa, é o mesmo que teñen os/as nenos/as que teño nas escolas deportivas: xogar ao fútbol e divertirse ao mesmo tempo! Pero co paso do tempo o meu gusto polo deporte e pola educación deportiva incrementouse moito. Foi por iso polo que os meus estudos os orientei cara a práctica deportiva. Podo decir que foi aproximadamente, con 16 anos, cando o meu “soño” era estar onde estou, pois coñecía todo o funcionamento das escolas á perfección, xa que estiven 10 anos nelas e fallando a escasos partidos, adestramentos, eventos...

8. Cales son as túas metas a partir de agora?

Agora mesmos as miñas metas son recuperarme ben dunha lesión bastante grave de rodilla, pola que vou ser intervido nun par de días e recuperarme todo o verán e en outubro, si contan connigo volver a estar nas escolas, e en decembro volver a xogar ao fútbol despois de 11 meses.

Tamén me gustaría que se

incrementara o número de participantes nas escolas, xa que é un privilexio enorme que, nalgúns casos, valórase moi pouco.

A maiores destas metas, teño outras como ser feliz coa miña xente e disfrutar da vida da man do deporte.

9. Que opinión tes sobre o deporte?

- O deporte para min é o TODO!

Podo decir que o 90% da xente coa que me relaciono, é grazas ao deporte, ben sexa directa ou indirectamente.

Opino que o deporte é vida e respondo a cuestión coa seguinte afirmación que dixo Nelson Mandela: “EL DEPORTE TIENE EL PODER DE TRANSFORMAR EL MUNDO, TIENE EL PODER DE INSPIRAR Y UNIR GENTE COMO POCAS OTRAS COSAS.. TIENE MÁS CAPACIDAD QUE EL GOBIERNO DE DERRIBAR BARRERAS SOCIALES.”

10. Un consello para os/as nenos/as que practican este deporte?


- Se mo permitides vou dar 2 consellos; un para pais/nais e outro para os/as nenos/as.

Para os pais/nais doulles o consello de que por moito que pensen que non é certo, estudos científicos(e tamén demostrado en min mesmo en idade escolar) din que un/unha neno/a que practica deporte é moito máis hábil, rápido, ten as tensións máis liberadas, cun corpo máis san e ademáis rinde mellor nos estudos.


E o meu consello para os/as nenos/as é que disfruten do deporte, que o deporte é vida!! Sen máis despídome moi agradecido por esta entrevista! E aproveito para dar as grazas a mestres, dirección do centro, conserxe, nenos/as e pais/nais polo voso compromiso, apoio e traballo durante todo o ano nas escolas deportivas municipais de cospeito.

SPORT IS LIFE!!


Esperamos disfrutar das súas ensinanzas moito máis tempo.




Luis Veiga Rego



Sandra Gómez Currás



Carla Campello Currás



Luis Veiga Rego



Luis Veiga Rego

GLORIA FUERTES UNHA POETISA ESPAÑOLA MOI IMPORTANTE EDUARDO PONDAL, AUTOR DA LETRA DO HIMNO GALEGO JOSÉ LUIS SAMPEDRO, UN GRAN HUMANISTA

Gloria Fuertes

Gloria Fuertes García este ano cumpriría 100 anos. Naceu en Madrid, o 28 de xullo (1917) e morreu en Madrid o 27 de novembro (1998).

Naceu nunha familia humilde e escribiu o seu primeiro poema aos cinco anos. Publicou o seu primeiro poema aos catorce anos e o seu primeiro libro aos dezasete.

Escribiu para adultos pero é moito máis coñecida polas súas obras para nenos. Algunhas delas son: "Cangura para todo", "La gata chundurata y otros cuentos", "Trabalenguas para que se trabe tu lengua"... Tamén escribiu obras de teatro como "Tres reinas magas: Melchora, Gaspara y Baltasara" Colaborou en programas de televisión como "La mansión de los Plaff" ou "La cometa blanca". Foi autora da letra da canción do programa "Un globo, dos globos, tres globos".

Organizou a primeira Biblioteca ambulante por pobos pequenos. Tamén foi unha destacada defensora da igualdade de xénero e pacifista.

LA TERMITA

Y los libros mal escritos
los terminaron los termitos,
y la termita ex-termita
extermina el manuscrito.

La termita es un bichito
que favorece la ciencia,
la termita y su experiencia,
la termita y su paciencia
nos revela el laberinto
la termita y el termito,
terminan con el conflicto
se nos comen el panflito.

La termita ha terminado
"Tratado de lo tratado
de acabar con el indito",
la termita ha terminado
con el último bocado
del funesto manuscrito.

Eduardo Pondal

Eduardo María González – Pondal e Abente, foi un poeta galego.

Naceu o 8 de febreiro de 1836 en Ponteceso e faleceu o 8 de marzo de 1917 (82 anos) en A Coruña.

En 1862 tras terminar a carreira, exerceu como doutor da armada na base de Ferrol. En 1873 fixo oposicións en Madrid ao corpo de Sanidade Militar, pero aínda que obtivo un traballo en Asturias, deixou a plaza e abandonou de forma definitiva a medicina. Desde entón adicouse en exclusiva á poesía.

As súas obras son: . Queixumes dos pinos (1886) e Os Eoas (non editado na vida do autor; publicado en 2005). As primeiras estrofas do seu poema (Os pinos) son a letra do himno de Galicia unida á música de Pascual Veiga. En 1965 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

HIMNO DE GALICIA

¿Qué din os rumorosos
na costa verdecente
ao raio transparente
do prácido luar?
¿Qué din as altas copas
de escuro arume arpado
co seu ben compasado
monótono fungar?

Do teu verdor cinguido
e de benignos astros
confin dos verdes castros
e valeroso chan,
non des a esquecemento
da inxuria o rudo encono;
desperta do teu sono
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos
a nosa voz entenden
e con arroubo atenden
o noso ronco son,
mais só os ñorantes
e fêridos e duros,
imbéciles e escuros
non nos entenden, non.

José Luis Sampedro

José Luis Sampedro Sáez (Barcelona, 1 febreiro de 1917- Madrid, 8 de abril de 2013) foi un escritor humanista e economista español que loitou por unha economía "máis humana, máis solidaria, capaz de desenvolver a dignidade dos pobos". Cando estalou a Guerra Civil española, en 1936, foi movlizado polo exército republicano, pero máis tarde cambiouse ao bando contrario. Pasou a guerra en Melilla, Cataluña, Guadalajara e Huete (Cuenca). En este período iniciou a escritura de poemas. En 2010 o Consello de Ministros otorgoulle a orde das artes e as letras de España. En 2011 concederonlle o Premio Nacional das Letras Españolas. Quizais a súa obra máis recoñecida sexa "A sonrisa etrusca".


PASATEMPOS

SOPA DE LETRAS

Busca o apelido de 12 escritores homenaxeados o Día das Letras Galegas.

M U R G U Í A H E X V A N Y Y C M
C S Q P Z M E Z P A T Q S J K U N
A E J O T E R S I U O J P Q S N O
B O M N S T U R L X Z T U S G Q V
A A C D O I A N T Z E Z Y I A U O
N N A A U R I S C O N K X H A E N
I E S L A S K D E E B A R Z O I E
L B A A Y M T K C E N V I Y J R Y
L P R U J E M U E A H I I Z G O R
A R E X U X F W O B S E N L H E A
S I S R L K I N C S A T D C O A H
E O J X E N I O U G U M E S K K Y
A Q Y T C I G K R E P Z P L G Q O
R Y G F O A R O R K F Z H N A S M
G O T E V W I O O K I R R F S O U
V N Z N H X H S S D V E A P W C E
P N F O L E L T J I U B E P W J E

ENCRUCILLADO



HORIZONTAL

3. Río afluente do Miño que pasa por Cospeito.
5. Plural, nome dos froitos que se comen no magosto.
6. Fábrica envasadora de auga que hai en Cospeito.
7. Mamífero doméstico protagonista dunha feira moi concurrida en Cospeito.
9. Todo xunto, comarca de Lugo á que pertence Cospeito.
10. Nome do pobo onde se encontra a Torre de Caldaloba

VERTICAL

1. Apelido do actual alcalde de Cospeito.
2. Extensión de auga moi coñecida en Cospeito.
4. Conxunto de máquinas que realizan un traballo en conxunto, e que dá nome a unha feira de Cospeito.
8. Etapa da vida dunha persoa, que dá nome a un parque de Cospeito.

FEIRAS E FESTAS DE COSPEITO

A festa da Fillooa é coñecida en moitas parroquias porque nela se come filloas e churrasco. Tamén hai concursos de redacción e debuxo.

Outra festa inportante é a feira do porco da ceba porque se

come carne de porco e con ela patacas fritidas.

Otra festa boa para coñecer a maquinaria é a festa da MAQUINARIA onde se pode observar maquinaria a montón e artesanía.

Tamen existen as romarías que

é unha festa católica que consiste nun viaxe que se dirixe o santuario, igrexa ou capela.

Vouvos poñer un exemplo: a romería de san Ramon e San Pelaio de Arcillá, a festa das Cruces, ...

XOGOS TRADICIONAIS

Ás veces estamos cansos de tanto fútbol, baloncesto, ... A veces non sabemos a que xogar. Se miramos ao pasado podemos atopar un montón de xogos moi divertidos e que moitas veces non precisan de moito material.

D. REBOREDO, E. VIGO

Se falamos cos nosos avós, descubrimos que eles non tiñan televisión, tablets, nin móbiles. Sen embargo non se aburrían. Moitas veces organizaban xogos case sen material. Tamén eran frecuentes os xogos que utilizaban cancións. Un aspecto negativo destes xogos era que en moitos casos xogaban por separado nenos e nenas. Eles non descubriran que é máis divertido xogar todos xuntos.

Os xogos tradicionais de Galicia teñen partes educativas para nenos e grandes . Teñen un gran valor social e cultural e sobrepasan os aspectos lúdicos. Algúns xogos presentan diferentes

características dependendo da zona na que se practique . Os xogos son actividades que poden axudar física ou mentalmente poden ser divertidos e entretidos.

Algúns xogos tradicionais son: A ra – É un xogo que ten un muiño, unha ra e seis ocos. Consiste en meter o maior número de fichas posibles.

O pano - É un xogo no que se ten que facer dous grupos e un neno/-a di números , comida, bebida... Cada grupo ten que escoller un nome desas opcións. Cando o neno/-a que terma o pano di algunha palabra das que dixo, os que elixiron esa palabra terán que correr e coller o pano e volver o seu sitio .

-Se non o colle ten que intentar

pillar á outra persoa.

Carreira de sacos- É un xogo no que cada neno se mete nun saco agarrando coas mans á altura da cintura Ó sinal os nenos avanza a saltos ata a meta. O primeiro que chegue á meta gaña .

-En este xogo podes participar individualmente ou en grupos. A buxaina -é un peón que é un corpo que se fai xirar cun cordel sobre unha punta de metal sobre a que se sitúa; equilibrase sobre un punto grazas á velocidade.

O aro – O xogo consiste tradicionalmente en facer rodar en equilibrio, un aro que antigamente se fabricaba a partir dun caldeiro vello e unha roda de bicicleta . Para suxeitar o aro podemos usar unha guía .

A hidratación no deporte



Ao facer deporte
hidratate terás mellor
saúde e non cansaras
tanto.

SOLUCIÓNS

- SOPA DE LETRAS: Casares, Fole, Murguía, Pondal, Cabanillas, Cunqueiro, Pereiro, Curros, Seoane, Risco, Novoneyra, Castela.
- ENCRUCILLADO:
1. Castosa
 2. lagoa
 3. Tãmogga
 4. maquinaria
 5. castañas
 6. Fontoira
 7. porco
 8. neno

CARTELEIRA DE CINE

Estos son algúns dos cortometraxes rodados no CPI Plurilingüe nos últimos anos.

ASQUEROSO ACOSO

Escrita e producida por estudantes de 1º de ESO para o certame escolar da ONCE, o curto da conta do acoso que sofre Obdulio, en clase e no recreo, por parte dalgúns compañeiros; mais tamén da conta do apoio que recibe doutros para reparar o dano e acadar un clima normal de convivencia.




Time Capsule

Os alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO participaron no 'Go to Oxford.Time Capsule Secondary Competition'. Cada clase creou unha cápsula do tempo no que meteron elementos da actualidade, que mostren como é a vida nos nosos días, co obxectivo de que o mundo do futuro coñeza o noso estilo de vida. Os cortos son en inglés.



Time Capsule 1º Eso




Time capsule 2º ESO



Time Capsule 3º Eso



Vencer aos abusóns



O TEMPO



EN COSPEITO

C. CAMPELO, L.HERMIDA,
S.PENA E L.VEIGA

Do día 8 de marzo ao día 18 de abril de 2017 realizamos unha medición das condicións atmosféricas e outros fenómenos atmosféricos en Cospeito. Esta tarefa soamente a puidemos realizar os días laborables, non os fins de semana, pero creo que podemos sacar á conclusión do tempo durante esas semanas. Con aparellos realizados por nós mesmos realizamos esta labor.

Os factores medidos coa nosa

propia estación foron a presión atmosférica (co barómetro), a temperatura (co termómetro), as precipitacións (co pluviómetro), a dirección do vento (co catavento), a velocidade deste (anemómetro) e outros fenómenos.

A presión rondou maiormente os 4 e os -2, a dirección do vento leste, a temperatura rondou sobre todo os 14 grados, os cales houbo durante 4 días; a chuvia 0 unidades, a velocidade do vento 0 e outros fenómenos foron soleado maioritariamente, 14 días.

A nosa estación meteorolóxica.

O anemómetro foi realizado con unha varinha de madeira espetada nunha maceta con area, ten unhas aspas feitas de pallas que polo medio levan unhas brochetas de madeira e na punta teñen unhas bolas de ping pong; as aspas están suxeitas cunha punta e dúas bolas de colar deixando que estas xiren.

O cataventos foi realizado cun vaso de plástico, dentro ten pedras, tapámolo co fondo dun prato de plástico, pola parte de abaixo do vaso pegamos un lapis, o lapis pegado ten unha brocheta de madeira, a brocheta ten unha palla insertada e como tope usouse outra brocheta que sostén as partes da frecha que indican a dirección do vento.

O pluviómetro, que serve para mirar as precipitacións está realizado cunha botella de 2,5

litros, a botella está partida a metade, quitámoslle o tapón e metimos a parte do tapón virada cara abaixo, e despois puxémoslle unha regra de 1 metro de largo para para medir a auga.

O barómetro, creado para mirar a presión atmosférica, creouse mediante un tarro de cristal con forma circular que ten pegado, con fixo e unha goma elástica, un globo que con unha palla pegada subirá ou baixará tendo en conta a presión do atmosférica.

O termómetro, que foi creado para mirar a temperatura, está composto de unha botella con boquilla apta para nenos na cal metemos a partes iguais auga e alcohol e logo catro gotas de colorante vermello. Na boquilla introducimos unha palla, pola que subirá o líquido, sen que chegue a tocar o fondo da botella e suxeitámola con plastilina.

Gráfica temperaturas.	Gráfica precipitacións.
4 días 14°	14 días 0 unidades
2 días 25°	3 días 3 unidades
2 días 20°	3 días 2 unidades
2 días 17°	1 día 3,2 unidades
2 días 16°	1 día 2,5 unidades
2 días 15°	
1 día 28°	
1 día 27°	
1 día 23°	
1 día 18,5°	
1 día 8°	
1 día 6°	



Son os móbiles unha necesidade?

IRIA CASTRO E YAGO MIGUÉLEZ / COSPEITO

Os móbiles xa son moi comúns entre nenos, pero, a que idade deberían ter un?

Nos colexios son moi habituais as charlas para concienciar aos nenos sobre o uso das novas tecnoloxías e os perigos que poden xurdir senón coñecemos os riscos.

Os teléfonos móbiles son uns dispositivos que moitas veces provocan discusións nas familias.

Nós cremos que a idade mínima son os 11 ou 12 anos. Ademais, cando se lle da un móbil a un neno débesele avisar dos perigos, impoñerlle regras e prohibirle ter redes sociais mentres son novos (twitter, facebook, instagram...).

Calquer contacto novo debe ser añadido na presenza dos pais e estando completamente seguro dos dítos.

En caso de ciber-bullying o mellor é que os pais se encarguen e se poñan en contacto co colexio para un traballo en conxunto.

Pero ter móbil tamén ten vantaxes que son:

-o neno poderá ser máis independente;


-cando saia, os pais poderán estar en contaco con el e será moito máis seguro;

-e, por último, cando se olvide os libros ou os deberes que ten que facer, poderá preguntar aos compañeiros.

En resumo, cun bo uso non debería haber ningún problema nin para o neno nin para as familias.

UN INIMIGO NO COLEXIO

Chegan inesperadamente, aínda que case tódolos anos aparecen



Miradores

MIRADORES / COSPEITO

Un día calquera, de un ano calquera no patio do colexio de Cospeito (que podería ser calquera outro), estabamos todos xogando tan contentos coma sempre. Sentíamos un lixeiro picor nas nosas cabezas, pero nada nos facía desconfiar do perigo que nos acechaba.

Á mañá seguinte, unha rapaza cepillando a súa fermosa cabeleira, viu no lavabo un pequeno vulto gris que se movía. Asustada, chamou a súa nai. Miroulle a cabeza e viu que tiña un

montón de puntiños brancos: eran PIOLLOS.

A súa nai deu a alerta no colexio. Tiñamos o inimigo enriba de nós. Había que exterminalo. Pero ben se sabe, que para derrotar ao inimigo o mellor é coñecelo.

O piollo é un pequeno insecto parásito que vive nas cabezas de calquera. Aliméntase de pequenas cantidades de sangue. As súas patillas son pegañentas e empréganse para suxeitarse ao pelo. A vida do piollo é de arredor de 30 días. Se é femia pode poñer ata oito ovos ao día chamados lendias. As lendias

son como burbullas brancas ou transparentes. Aínda que non fan dano ás persoas, poden causar irritación cutánea. Por iso sentimos un picor que nos incita a rascarnos. Non poden saltar nin voar.

Despois de coñecelo ben buscamos as armas para combatilo. Acudimos aos expertos: a OMS (Organización Mundial da Saúde). A súa recomendación é empregar produtos con Permetrina ao 1% (moi eficaz e pouco tóxico). Deberemos aplicalo sobre o pelo seco dando unha suave masaxe. En caso de que sexa moi grave,

deberemos lavar a cabeza cun champú antiplollos. Despois deberemos peitear o cabelo mechón a mechón cun peite de púas finas para retirar as lendias.

Unha vez aniquilados os piollos deseñamos un plan para evitar contaxiarnos de novo.

Imos intentar non xuntar as cabezas, nin empregar gorras, peites ou outros obxectos doutras persoas, por se acaso.

Agora o colexio está feliz limpo de piollos, pero o inimigo estanos acechando. Non podemos baixar a garda.

Leche FRESCA
1,5 litros



LEYMA
natura

NUEVO ENVASE TETRA EDGE
Con Tapón producido por la propia máquina, por consiguiente: más higiénico, más seguro y más económico

